

O venres 23 e o sábado 24, deste mes de abril, poderanse contemplar en Gondomar dous video-documentos do realizador natural desta vila, Antonio Caeiro. O primeiro deles, *Aillados*, proxectarase o venres 23 ás 20:30 horas no Auditorio Municipal "Lois Tobo" de Gondomar.

Aillados, con guión de Xoán A. González, Antonio Caeiro e Clara M^a de Saa, é un traballo de investigación, que se prolongou durante oito anos, trazado cunha metodoloxía de historia oral. É a historia do penal da illa de San Simón durante os anos da Guerra Civil española (1936/39), contada polos seus protagonistas. Foi realizado por Antonio Caeiro a partir de horas e horas de gravación onde se reflicten a emoción e a traxedia daqueles anos que deron lugar a este vídeo dunha hora de duración.

Baixo o mesmo título de *Aillados*, e co subtítulo de *A memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón*

(Ir Indo), foi publicado en formato de libro. Nel, partindo do guión do vídeo e agrupados en capítulos temáticos, van aparecendo os relatos dos distintos protagonistas daquel presidio, xunto cun diario, cartas, fotos, debuxos e poemas realizadas polos propios presos.

O segundo video-documento poderase contemplar o sábado 24 ás 20:30 no mesmo Auditorio Lois Tobo de Gondomar. Nesta ocasión o tema que desenvolve é *A memoria nos tempos do volfram*, baixo un guión do propio realizador Antonio Caeiro.

Ao comezo da Segunda Guerra Mundial un mineral fíxose extremadamente necesario para a Alemaña de Hitler: o volfram. Galicia, e moi especialmente as minas do Fontao, no concello pontevedrés de Vila de Cruces, converteráse nunha especie de "Dourado" para moitos que buscaban diñeiro fácil e/ou traballo naqueles difíciles anos da posguerra española. Mineiros, aventureiros, guerrilleiros, gardas civís e presos políticos entrecruzaron as súas vidas naqueles anos polos montes galegos. O documental é pois a historia daquelas persoas contada por elas mesmas.

Ambas proxeccións están organizadas polo Instituto de Estudos Miñoranos e a Concellería de Cultura de Gondomar.

Aillados e Tempos do volfram, dous documentais de Antonio Caeiro

Escrito por

Mércores, 14 Abril 2004 08:48

Enviado por IEM